

CONVIVENCIA INVERNADDEIRO

Unha mañá soleada do mes de Xuño, dezaoto alumnos e alumnas de dous centros da provincia de Ourense, xunto con cinco profesoras, esperaban chegar ao que sería durante tres días e dúas noites, lugar de estanza e contorno de convivencia.

O 7 de Xuño ás 9,45 h chegabamos como cada día ao CEIP de Oímbra. Pasariamos a xornada fóra das aulas nas que tantos momentos compartimos ao longo do curso. Ás 11 chegaban a recollernos. Un microbús viaxaba dende Montederramo dirección ao parque natural do Invernadeiro, pasando por Oímbra. Subimos rapidamente cheos de ilusión e entusiasmo. O feito de estar fora da casa varios días cos nosos compis e profes facía que sentíssemos unha sensación rara no estómago. Nunha hora facíamos a nosa entrada na Ribeira Pequena. Alí estábamos a esperar a que sería a nosa monitora e guía durante a nosa permanencia na zona, pero non estaba soa. Catro cans aparecerían connosco nas primeiras das moitísimas fotos que nos fixeron. Explicáronnos o que íamos ver: especies animais e rexións, sobre todo.



En poucos minutos arrancamos cara a la Ribeira Grande. Tiñamos fame pero, antes de comer teriamos que limpar e colocar as nosas cousas e os alimentos. Ao rematar puxemos a mesa mentres as profes cortaban as empanadas e preparaban as ensaladas. Tras a sobremesa puxémonos a recoller e fregar.

Ás catro, Fátima a monitora, esperábanos na aula da natureza para proxectarnos un documental sobre a fauna e a flora do parque. Despois do visionado repartíunos uns cadernos que contiñan unhas fichas que traballariamos ao longo da xornada. Empezamos a cubrilas alí e continuamos enchéndoas mentres faciamos a ruta dos Carboeiros.





Ensinounos diferentes especies vexetais autóctonas do parque e pediunos que recollésemos algún animalillo e algunha folla para velas co microscopio.

Adrián non dubidou nin un momento en coller dúas formigas e unha araña bastante grande. ¡ Tiñades que ver con que arte...! Ao rematar a ruta fomos ao laboratorio e analizamos o recollido. Ademais ensinounos un sapo e un lagarto disecados e varias víboras en formol.



Chegou a hora de merendar e despois puxémonos en marcha para facer a ruta dos Gamos, aínda que non vimos ningún. Á volta as profes tíñannos preparadas unhas dinámicas de presentación para coñecernos un pouco mellor dentro do grupo. Ao rematar fómonos á ducha, que boa falta nos facía, e despois de cear, ¡a durmir!, xa que ao día seguinte nos esperaba un bo traxecto.



As nubes cubrían o ceo, era hora de levantarse, estabamos un pouco cansos xa que a noite anterior fose un pouco especial. Entre as camas, os compañeiros e a emoción case non pegamos ollo. Despois do almorzo fixemos a ruta da auga. A paisaxe era fermosa. Chamábanos a atención as distintas tonalidades de verde salpicadas con flores de diferentes cores. Os únicos sons que escoitabamos eran os do canto dos paxariños, o descorrer da auga polo regato e as nosas pisadas. ¡ Que tranquilidade!



Polo camiño puidemos ver varios formigueiros. Eran montañas de terra polas que miles de formigas vermellas se movían a toda velocidade, incrivelmente organizadas.



Na metade do camiño empezou a chover e tivemos que apurar o paso. Aínda así mollámonos. Algún tivo que meterse na ducha con auga quente e cambiarse totalmente. Comemos, e ao rematar, fomos á aula da natureza a ver un vídeo sobre as troitas. “A



ruta das troitas” tivemos que imaxinala, a chuvia fixo que se suspendese. ¡ Non parou de caer auga en toda a tarde! Despois de merendar fomos ao salón de xogos. Alí compartimos varios xogos: cadeiras cooperativas, o lanzamento do mísil, un baile e unha dinámica para traballar a memoria. A profe Alba animounos para que

fixésemos unha pequena ruta para ver sapos e o que aparecese polo camiño. As profes Cris e María xunto con oito de nós aceptamos a proposta e encamiñámonos cara á aventura. Vimos pegadas de cérvidos e un tritón. O resto dos compañeiros quedaron xogando a distintos xogos de mesa coas profes Rosa e Lorena. Esta noite a cea foi especial. Acabamos compartindo algunha das cousas que levamos nós (patacas fritas, chasquis, cacahuetes, oliveira, chocolate, chuches, refrescos,...) e como estabamos moi cansos non tardamos en deitarnos.



As nenas aproveitamos para inmortalizar o sitio onde durmimos o carón da profe Rosa. ¡Todas en pixama!.



Non tardaron en incorporarse á foto o resto das nenas e as profes, Alba e Cris.

¡Tiñádelas que ver!

O último día chegou, e seguía chovendo. Algúns de nós non queríamos saír da cama. Fixémonos os remolóns durante uns minutos pero non nos quedou máis remedio que erguernos. Almorzamos, recolleemos as nosas cousas, limpamos, colocamos... e pronto subimos ao autobús para percorrer o camiño de volta.



Comemos todos xuntos no comedor do noso cole, xogamos un pouco no patio e, ás 13,30 cada un de nós regresamos cara ás nosas casas.

¡Que rápido pasa o tempo cando o pasamos ben!

